

# Apúntate á compostaxe



# O LIXO: UNHA GRAVE CONSECUCENCIA DA ACTUAL SOCIEDADE DE CONSUMO

Na sociedade actual, o aumento desmesurado e acelerado do consumo está a incrementar a produción de lixo de xeito continuo e cada vez máis rapidamente. Así, cada un de nós en Galicia, xera aproximadamente uns 384 kg de lixo ao ano o que significa 1,05 kg por día, máis do dobre do que producíamos hai 20 anos. Con este incremento no consumo e na xeración de residuos estamos a exercer un importante e crecente impacto sobre o medio ambiente que pon en perigo a nosa supervivencia no Planeta.

A xestión inadecuada do lixo causa graves problemas ambientais

O tratamento inadecuado do lixo produce contaminación do solo, do aire e da auga e estraga recursos naturais que son moi valiosos.

#### • Creación de focos de infección

Os residuos orgánicos favorecen a presenza de roedores e de insectos que se converten en vectores de enfermidades prexudiciais para a saúde.



#### • Alteración da paisaxe e ocupación do territorio e malgasto dos recursos naturais

Os vertedoiros incontrolados producen suciedade e sensación de abandono e causan graves problemas de contaminación nas augas e no solo.

Porén os vertedoiros controlados requiren grandes superficies de terreo afastadas dos núcleos de poboación polos malos cheiros que xeran, pola presenza de gaivotas e roedores e pola emanación de gases.

A mala xestión dos residuos acaba estragando materias primas e recursos naturais que son limitados no noso Planeta.

#### • Degradación dos solos

Debido entre outras causas á acumulación de substancias como fosfatos, metais pesados, nitratos..., procedentes de residuos de composición complexa. Ademais a súa duración está moi condicionada polo espazo dispoñible.




#### • Contaminación das augas

Algunhas substancias, ao conter elementos tóxicos, corren o perigo de pasaren ás augas subterráneas que terminan nos ríos ou no mar, provocando a súa contaminación. Tamén poden xerar graves efectos sobre a nosa saúde se estas augas se utilizan para o abastecemento de auga potable, a causa do mercurio, do cadmio, do zinc e doutros metais pesados.

#### • Contaminación atmosférica

Derivada dos procesos de descomposición, que orixinan emisións de dióxido de carbono, metano, óxidos de nitróxeno ... gases responsables do incremento do efecto invernadoiro.




## Apúntate á compostaxe

# EXISTEN DISTINTOS MODELOS PARA A XESTIÓN DO LIXO EN GALICIA

A medida que a sociedade foi cambiando a súa forma de vida, incrementouse exponencialmente a cantidade de lixo que se xeraba. Por todo isto producíronse moitos problemas sociais e de saúde que trouxeron cambios nos sistemas de xestión do lixo. Dos iniciais vertedoiros a ceo aberto que ardían continuamente pasouse a novos modelos de xestión máis seguros e ambientalmente máis responsables.




Antigo vertedoiro contaminante a ceo aberto, hoxe en día clausurado



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de 2013 do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, 2010-2020 (Xunta de Galicia)

Nos últimos anos aumentou considerablemente a cantidade de residuos que xeramos en Galicia




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de 2013 do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, 2010-2020 (Xunta de Galicia)

Cada galego produce 1,052 kg de lixo ao día

En Galicia producimos arredor de 1,2 millóns de toneladas de lixo cada ano. Pero ademais, nos últimos anos cada un de nós vai incrementando a cantidade de lixo que produce diariamente como consecuencia dos novos hábitos de consumo. Así a fracción da materia orgánica que hai 40 anos era moi pequena, hoxe en día representa case a metade do peso do noso lixo.

## Tres modelos de xestión

A xestión do lixo faise en Galicia a través de tres modelos diferentes que atenden a práctica totalidade do noso territorio. O modelo de SOGAMA é o que ten maior implantación pois atinxe a práctica totalidade dos concellos galegos.



Modelos de xestión do lixo en Galicia por concellos

- BARBANZA
- NOSTIÁN
- PENDENTE
- SOGAMA


# Apúntate á compostaxe

# EXISTEN DISTINTOS MODELOS PARA A XESTIÓN DO LIXO EN GALICIA

Os tres modelos de xestión do lixo que temos en Galicia diferéncianse fundamentalmente en dúas cousas: o ámbito de recollida e o destino e separación da fracción orgánica. Mentres SOGAMA é un sistema centralizado que recolle o lixo de toda Galicia o que esixe o transporte desde calquera concello ás súas instalacións; o Modelo da Coruña e do Barbanza so recollen o lixo dos concellos máis próximos. Outra diferenza é o destino da materia orgánica que mentres en SOGAMA se incinera, nos outros dous modelos se emprega para facer compost, polo que é preciso separala en orixe.


## MODELO DE SOGAMA

Este é o sistema maioritario en Galicia e consiste na queima controlada dunha parte importante do lixo, aproveitando a enerxía xerada neste proceso para a produción de enerxía eléctrica. As cinzas, moi tóxicas, escouras e materiais irrecuperables depositanse nun vertedoiro controlado. Neste sistema fanse 4 fraccións dos residuos. Do vidro e o papel/cartón existe recollida selectiva en orixe. A fracción resto (bolsa negra) destínase ao Complexo Medioambiental de Cerceda (SOGAMA), onde tamén se clasifican por materiais os compoñentes da bolsa amarela (envases lixeiros). En determinados lugares de Galicia está en marcha un Plan de Compostaxe Doméstica dirixida especialmente aos núcleos rurais.




## MODELO DA CORUÑA (NOSTIÁN)

É o sistema da cidade da Coruña e dos concellos do Consorcio das Mariñas. Consiste na transformación da materia orgánica en compost ou abono por medio duns biodixestores onde fermentan os residuos orgánicos en ausencia de aire. Neste proceso recupérase gas metano que logo servirá para producir electricidade para a propia planta industrial de Nostián (A Coruña).



## MODELO DO BARBANZA (LOUSAME)

Inclúe os concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza e consiste na transformación da materia orgánica en compost ou abono por medio de pilas de residuos orgánicos volteadas en presenza de aire. Realízase a recollida selectiva da materia orgánica (restos de alimentos) e tamén sepárase en distintos colectores diferenciados o papel e cartón e o vidro. O resto do lixo recollese no colector amarelo ou de fracción inorgánica que inclúe os envases lixeiros, plásticos, metais, ...



## E, QUE PASA CO RESTO DOS RESIDUOS?

Os tres modelos contan ademais con puntos limpos onde se recollen aqueles residuos do fogar que non se poden recoller nos colectores habituais por causa do seu tamaño (residuos voluminosos, como mobles vellos, colchóns, electrodomésticos, ...) ou pola súa composición (residuos perigosos): aceites, lámpadas, ordenadores, móbiles, cartuchos de tinta de impresora, pilas ... No caso dos medicamentos e os seus envases, todas as farmacias teñen uns colectores integrados no sistema SIGRE, para a súa recollida diferenciada do resto do lixo.

# Apúntate á compostaxe

# OS TRES R: UNHA ALTERNATIVA POSIBLE

## PARA XESTIONAR O LIXO

Hoxe, consumimos a diario bens e servizos sen ser conscientes do custe ambiental da súa produción e da xestión dos seus residuos. A moda e o deseño dos produtos (obsolescencia programada) aceleran este proceso, provocando a eliminación de obxectos aínda funcionais.

O noso compromiso é fundamental para minimizar estes problemas apostando polo consumo responsable e colaborando activamente na xestión do lixo a través da estratexia dos tres R.

### GALICIA SEPARA MENOS DO 13% DO SEU LIXO, POR DEBAIXO DO 16% DE ESPAÑA OU DO 28% DE MEDIA DA UNIÓN EUROPEA!



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de 2013 do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, 2010-2020 (Xunta de Galicia) e do INE (publicados o 07/12/2015)

### A estratexia dos tres R:

#### unha solución redonda ao problema do lixo

Os tres erres é a alternativa eficaz para reducir o problema dos residuos, que precisa da colaboración de todos. Esta estratexia comunitaria é o soporte de todo sistema de xestión de residuos, con independencia do tratamento final polo que se teña optado, pois o seu fin último é reducir a cantidade de residuos a tratar, reducindo os problemas ambientais e os custes económicos que xera o lixo.

Segundo a Directiva europea de residuos, trasladada as leis española e galega sobre residuos, establece unha xerarquia para a xestión do lixo. Como primeira opción a prevención ou redución, logo a reutilización e reciclaxe. En último lugar coloca á valorización enerxética e a eliminación.

### Reducir

- Comprando só o preciso e alongando a vida dos produtos que mercamos. (Certificado obsolescencia programada: alargascencia).
- Consumindo responsablemente, pois moitas veces compramos simplemente polo afán de posuír bens que se cadra non precisamos, estragando materias primas como petróleo ou auga.
- Evitando consumir produtos excesivamente embalados, co que evitaremos o desaproveitamento de recursos e a xeración de excesivo lixo.

### Reutilizar

- Reparando os obxectos ou buscándolle un novo uso.
- Utilizando varias veces os obxectos xa usados, para xerar menos lixo e gastar a menor cantidade posible de recursos.
- Empregando a imaxinación, poderemos encontrar outros usos a vellos obxectos, dándolle unha nova vida.
- As Tecnoloxías da Información e Comunicación xeran novas oportunidades de intercambio de obxectos usados que nós non precisamos pero que lle poden ser útiles a outras persoas.

### Reciclar


- Utilizando correctamente os contedores de recollida selectiva para que os residuos podan ser aproveitados de novo a través dun proceso industrial para obter novas materias primas



A campaña pola Alargascencia de Amigos da Terra promove a reparación e recuperación, o préstamo, o trueque e a compra - venda de produtos de segunda man.



No mercado xa existen teléfonos intelixentes que permiten o intercambio das súas pezas interiores de forma fácil co fin de evitar a súa obsolescencia



En varios países europeos e de xeito experimental nalgunhas cidades de España, como en Cadaqués, fóméntanse o retorno dos envases a través dunha pequena compensación económica ao cidadá que o devolve. En Alemania, Noruega ou Finlandia a través deste sistema recupéranse máis do 90% dos envases



Nunha cidade como A Coruña, de máis de 200.000 habitantes, se todos os seus veciños separasen correctamente o papel e cartón e o depositasen no colector azul, incrementaríanse os ingresos por este concepto en 1 millón de €.

### NA RECOLLIDA SELECTIVA, A CHAVE ESTÁ NAS TÚAS MANS

Coa nosa participación poñemos en marcha o proceso de recollida selectiva, separando na nosa casa as diferentes fraccións que compoñen os residuos.

As administracións e empresas xestionan e reciclan estes materiais pechando o ciclo e dando unha solución redonda ao problema do lixo.

# Apúntate á compostaxe

# A COMPOSTAXE DÁLLE UNHA

## NOVA VIDA Á MATERIA ORGÁNICA

A materia orgánica é o compoñente máis importante da nosa bolsa do lixo, representando máis do 40% do seu peso.

A alternativa de xestión elixida desta fracción é a nai do allo de cada un dos modelos de xestión do lixo que existen en Galicia: compostaxe, metanización ou incineración.

A compostaxe é, sen dúbida algunha, a alternativa máis eficaz para reducir os custos ambientais e económicos da xestión dos nosos residuos sólidos urbanos, incrementando considerablemente os beneficios sociais.

Pero, que é a compostaxe?

A compostaxe é un proceso natural que, coa nosa intervención, permite descompoñer os restos orgánicos do noso fogar ou xardín e convertelos nun fertilizante estable e de calidade que despois podemos empregar nas hortas e xardíns das nosas casas e cidades.

Neste proceso natural participan diferentes organismos vivos, desde microorganismos ata pequenos seres vivos, polo que a morea de material en compostaxe constitúe en si mesmo un ecosistema complexo e vivo.

A compostaxe pódese realizar a grande escala polo que se precisa de plantas de tratamento específicas (que poden ser tanto en presenza de aire como en ausencia deste) a onde hai que transportar a fracción orgánica do noso lixo. E tamén poden desenvolverse a pequena escala, como a **compostaxe comunitaria** ou a **compostaxe doméstica** que non precisan de recollida nin transporte, facilitando a conversión dos restos orgánicos en compost, un fertilizante que permite pechar o ciclo da materia orgánica na natureza.


De cada 100 kg de lixo orgánico obtéñense arredor de 20 kg de compost.

Mitos e lendas sobre a compostaxe

En ocasións na compostaxe poden xurdir unha serie de problemas que en ocasións pode dar lugar a mitos e lendas sobre este proceso, pero que con pequenas solucións pódese atallar a tempo.


- Crea mal cheiro: se o proceso de compostaxe se realiza correctamente e está ben mesturado e oxixenado non se producirá mal cheiro.
- Atrai ás mosquiñas: se a mestura dos restos orgánicos e o estruturante (materia vexetal engadida a maiores) é correcta non se ten porque producir a aparición destes insectos.

### O CICLO DA MATERIA ORGÁNICA NA NATUREZA



A natureza recicla a materia orgánica e se autoabastece de nutrientes, cerrando así o seu propio ciclo.

### O CICLO DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA



! A compostaxe caseira é unha actividade de contido ambiental e ecolóxico, por que cerra o ciclo da materia orgánica na casa. O proceso no composteiro imita á Natureza, cunha fermentación en presenza de aire. Por iso cumprindo os cuidados de proporción e mestura adecuada dos restos, aireación e oxixenación óptima e humidade, temperatura adecuadas, obteremos un abono inmejorable.

### A COMPOSTAXE XERA BENEFICIOS NA XESTIÓN DO LIXO, NO MEDIO AMBIENTE E NA AGRICULTURA

#### BENEFICIOS AMBIENTAIS

- É o tratamento máis ecolóxico para tratar a fracción orgánica do lixo
- É sumidoiro de CO<sub>2</sub>, co que axuda a paliar o cambio climático
- Devólvelle aos solos materia orgánica esencial para a fertilidade achegándolle nutrientes, e mellora a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión.
- Axuda a reducir a contaminación producida polo uso de fertilizantes químicos, ao seren substituídos por compost.
- Axuda a conservar as turbeiras ao non ter que empregar a turba como emenda.

#### BENEFICIOS SOCIAIS

- Fomento do contacto das persoas coa natureza, recuperando unha práctica tradicional da cultura galega e fomentando os valores de responsabilidade, respecto e traballo en equipo.
- A comodidade do composteiro fronte ao colector municipal, debido a que se instala preto da vivenda e non produce cheiros.
- A participación cidadá e a educación ambiental son unhas grandes ferramentas que permiten visualizar a responsabilidade individual sobre o problema do lixo, permitindo participar nas solucións a esta importante problemática.

#### BENEFICIOS ECONÓMICOS

- O participante obtén un fertilizante orgánico de calidade
- O concello promotor da iniciativa reduce o custo na xestión do lixo, xa que os residuos son tratados nas vivendas e se aforra no transporte do lixo
- Algúns concellos aplican unha redución da taxa do lixo aos veciños e ás veciñas que optan pola compostaxe caseira aseira (un incentivo importante, tendo en conta ademais que as taxas municipais non adoitan cubrir o custe do servizo de recollida e tratamento).


# Apúntate á compostaxe

# REVITALIZA: UN PROXECTO DE COMPOSTAXE DESCENTRALIZADO PARA UN PAÍS DISPERSO


Galicia, que apenas representa o 6% da superficie do Estado, ten máis da metade dos núcleos de poboación e unha densidade de poboación dez veces menor que a media.

No caso da provincia de Pontevedra, dos 6.621 núcleos de poboación que existen, máis do 65% teñen menos de 15 habitantes.

Por iso a Deputación de Pontevedra está poñendo en marcha o proxecto de compostaxe REVITALIZA, máis adaptado á realidade demográfica galega, apostando por un modelo descentralizado de xestión da materia orgánica.



Poboación por concellos en Galicia no ano 2015 (Nº de habitantes)



Densidade de poboación por concellos en Galicia no ano 2015 (hab./km²)

## Os tres chansos do proxecto REVITALIZA

### Compostaxe doméstica no fogar

Pódese realizar en calquera vivenda, piso, chalé, urbanización, etc., incluso en zonas urbanas, sempre que se teña un mínimo espazo dispoñible.

Neste caso, a deputación cederá un composteiro doméstico en réxime de usufruto a toda persoa que queira participar no proxecto.

### Compostaxe comunitaria no noso rueiro: un chancho imprescindible na xestión da materia orgánica

Cando a poboación acadade entre os 75 e 300 veciños nun radio inferior a 150 m de distancia o proxecto REVALORIZA aposta pola Compostaxe comunitaria.

Tecnoloxicamente semellante á doméstica, a maior escala e máis sofisticada, pero que socialmente implica un compromiso de toda a comunidade na xestión do lixo de forma solidaria.

Neste caso, habilitaranse espazos públicos con varios composteiros de maior tamaño a onde terían que levar os veciños e veciñas participantes os seus restos orgánicos. Ao final do proceso de compostaxe recibirían o compost que poderían empregar nas súas hortas, xardíns ou os testos.


Compostaxe caseira	Compostaxe comunitaria
Individual	Colectivo
Na casa	A menos de 150 m
Espazo dedicado na casa (horta, terraza,...)	Non precisamos de espazo dedicado na casa
Sen control polo mestre composteiro	Controlado polo mestre composteiro
Sen gastos de transporte	Sen gastos de transporte
Só o compost que produzo	Compost a repartir entre aqueles que o precisen

### Plantas de Compostaxe Comarcal para vilas e cidades

No caso de vilas medianas da provincia, cunha poboación que vai de 10.000 a 30.000 habitantes, este tamaño permite abordar un tratamento semi-industrial en Plantas de Tratamento Comarcal.

Neste caso, estableceranse pequenas instalacións industriais (algunhas de nova creación e outras reconvertendo algunhas xa existentes ou mediante convenios con industrias...) para o tratamento da materia orgánica, cunha capacidade máxima de 3.000 t ao ano, evitando as dificultades de xestión de plantas moito maiores.

Estas plantas só recibirán a materia orgánica recollida selectivamente en orixe mediante o sistema chamado "Porta a Porta" (PaP), que garante que o proceso de separación da materia orgánica é axeitado. Neste caso xa haberá recollida e transporte desta materia orgánica pero tan só a distancias que non superarán os 25 km.



Composteiro individual para o fogar



Composteiro comunitario

## ALGUNHAS VANTAXES DO PROXECTO REVITALIZATE

- A compostaxe é a alternativa de tratamento máis sostible ambientalmente desta fracción do lixo.
- Axuda a paliar o Cambio Climático, xa que se reduce a cantidade de lixo que se ten que transportar a lugares afastados e ademais o compost é sumidoiro de CO<sub>2</sub>, un dos principais Gases de Efecto Invernadoiro.
- Implica á cidadanía activamente na xestión do lixo, facéndoa máis responsable na correcta recollida selectiva e na redución na xeración de residuos
- Reduce o custe do tratamento do lixo para os concellos pois:
  - o Diminúe a frecuencia na recollida no propio concello ao retirar a fracción con capacidade de producir cheiros.
  - o Reduce a cantidade de lixo a transportar ao retraer a fracción máis pesada da bolsa do lixo.

# Apúntate á compostaxe

# APÚNTATE Á COMPOSTAXE

## CON REVITALIZA

A Deputación de Pontevedra promove a compostaxe como modelo de xestión ecolóxica dos recursos. Nos concellos de poboación máis dispersa fomentárase a compostaxe doméstica coa subministración de composteiros familiares. Naqueles outros lugares onde a poboación estea máis agrupada instalaranse os composteiros comunitarios.

O organismo provincial farase cargo da compra e instalación dos composteiros comunitarios nos concellos que o soliciten e que garantan a súa viabilidade, co obxectivo de dotar uns 800 centros comunais que cubrirían as necesidades duns 240.000 pontevedreses (un cuarto da poboación da provincia).

Este proxecto contará co apoio e asesoramento dos mestres composteiros, persoal necesario para o mantemento dos composteiros comunitarios e a resolución das dúbidas dos cidadáns.

### COMPOSTAXE DOMÉSTICA



### COMPOSTAXE COMUNITARIA




- Colaboración veciñal.
- Asesoramento periódico con mestres composteiros.

### PLANTAS COMARCAIS DE COMPOSTAXE

Que é unha planta de compostaxe?

Unha planta de compostaxe é unha instalación onde se reciclan os residuos orgánicos mediante un tratamento biolóxico chamado compostaxe, en condicións controladas de aireación, temperatura...



- 1 Entrada e saída da planta
- 2 Edificio de oficinas e laboratorio
- 3 Trituradora da fracción vexetal (FV) nova para mesturar coa fracción orgánica de residuos municipais (FORM)
- 4 Báscula para os camións
- 5 Residuos orgánicos en pilas volteadas. Máquina volteadora da materia orgánica para a súa aireación e fermentación adecuada. Esta fase dura entre 4-6 semanas.
- 6 Entrada dos camións cos residuos orgánicos ao tunel de compostaxe e descomposición
- 7 Biofiltro para a eliminación dos olores da planta
- 8 Tromel ou bombo para a separación dos residuos inadecuados ou impurezas do compost como plásticos, vidro... outro bombo é para o afino do compost para obter un tamaño homoxeneo e poder comercializalo
- 9 Tuneis de maduración de compost baixo cuberta de lona. Esta fase dura entre 6-10 semanas.
- 10 Excavadora para o transporte en planta de compost
- 11 Captación perimetral de líquidos lixiviados ou contaminados

# Apúntate á compostaxe



# A TÚA COLABORACIÓN É IMPORTANTE

Para que este proxecto funcione é precisa a colaboración de todos e todas, desde os máis pequenos da casa ata os maiores.

É moi importante que ademais de facer unha correcta separación selectiva do lixo, axudemos a reducir a cantidade de residuos que producimos no noso día a día, mediante a adquisición de certos hábitos beneficiosos para o planeta.

Que debemos facer para que funcione o noso composteiro?

- Precisa osíxeno, aire: os organismos descompoñedores precisan osíxeno para respirar. Por iso é moi importante remexer a mestura coa forquita ou utilizar o aireador con frecuencia e mesturar os restos de alimentos por capas con restos de poda.
- Precisa humidade, auga: os microorganismos só son activos en ambientes húmidos, senon a compostaxe non se produce, ou ralentízase. Hai que manter humidade como a de unha esponxa escorrida, se non se poden producir malos olores.
- Mestura e temperatura: para conseguir un compost ou abono equilibrado débense mesturar restos de comida ou esterco animal con material estruturante como follas, restos de poda, toxo... a partes iguais. Deste xeito manterase a temperatura por debaixo de 65°C, para mater a actividade dos organismos, evitando así os malos olores.

## QUE RESTOS PODEMOS BOTAR NO COMPOSTEIRO?



## RESTOS QUE PODEMOS BOTAR CON PRECAUCIÓN



## QUE RESTOS NON PODEMOS BOTAR NO COMPOSTEIRO?



O mellor residuo é aquel que non se produce: hábitos para unha compra baixa en residuos

Ter en conta á hora de comprar a cantidade de residuos que vai xerar cada produto é unha boa maneira de prevelo. Pois todas as decisións que tomamos sobre o que consumimos teñen unha relación directa coa cantidade de residuos que producimos.

- **Envases grandes ou familiares:** a maioría dos produtos que compramos veñen nun envase de plástico, vidro, cartón ... de un só uso. Optar por envases grandes ou familiares supón un aforro económico e na xeración de residuos.
- **Produtos reutilizables:** a cultura de "usar e tirar" é unha fonte continua de residuos e por tanto un estrago de recursos. Optar por envases reutilizables ou retornables supón unha redución no consumo de recursos e na produción de residuos.
- **Alimentos frescos sen envasar:** a venda en grandes supermercados de froita, carne, peixe, embutido... cada vez xera máis residuos porque veñen envasados en bandexas de distintos materiais (porexpan, plástico...). Optar pola compra directa e a granel supón tamén unha redución na cantidade de residuos que producimos.
- **Produtos reciclados e reciclables:** moitos produtos veñen en envases reciclados ou reciclables. Optando por esta opción reducimos a cantidade de recursos precisos e de residuos xerados, aumentando ademais a recuperación deses recursos.



### Tiramos moita comida ao lixo, aproveitémola!!!

En Galicia vanse cada ano ao colector, uns 179 kg por persoa de comida sobrante ou produtos deteriorados ou caducados. Moitos deses alimentos poderíanse consumir de maneira segura cando se tiran ao lixo. Debemos tratar de evitar este desperdicio, para así coidar a nosa saúde o medio ambiente e aforrar diñeiro.

# Apúntate á compostaxe